



Por **políticas familiares** enténdese as intervencións da Administración pública para facilita-los recursos ás persoas con responsabilidades familiares co fin de que poidan desempeña-las mesmas en mellores condicións.

As políticas familiares, como calquera outro tipo de intervención, consiste en medidas políticas con obxectivos explícitos. A maior ou menor institucionalización destas medidas fai que no marco europeo se poida falar de dous grupos de países diferenciados: aqueles, como Francia ou Suecia, onde existen organismos especializados en levar a cabo estas políticas, e outro grupo de países, onde se atopa España, nos que a política social que afecta ás familias está fragmentada en diversos ámbitos de intervención pública, sen que necesariamente exista nin unha visión nin unha previsión de conxunto.

Dende un punto de vista histórico pódense distinguir en Europa varias xeracións de políticas familiares. Nos anos 30, especialmente nos países centrais de Europa occidental (Francia, Bélxica,

Alemaña), as políticas familiares tiñan un marcado carácter natalista e contrario á emancipación feminina, articulándose medidas, sobre todo monetarias, para que as mulleres non tivesen a necesidade de integrarse no mercado laboral. Esta situación perdurou ata os anos 60, cando, a raíz da incorporación da muller ó traballo remunerado, os obxectivos das políticas familiares comezaron a cambiar, encamiñándose á conciliación entre a vida familiar e laboral a través dun mellor axuste entre a esfera reproductiva e productiva.

Na actualidade, aínda que as políticas familiares en Europa forman un mosaico heteroxéneo, empezan a aparecer certos signos de converxencia como son o recoñecemento dos dereitos dos nenos e da vontade das nais de exercer unha actividade profesional, por máis que existan grandes disparidades nas medidas que aspiran á conciliación entre ocupación e familia, como posteriormente analizaremos.

A pesar do citado proceso de converxencia, as diferencias continúan, de tal xeito que, a finais dos 80 e principios dos 90, pódense identificar tres

grandes tendencias das políticas familiares en Europa:

a) unha tendencia pro familia acompañada dunha maior selectividade en materia de apoio financeiro ás familias.

b) o obxectivo dunha maior conciliación entre ocupación e familia como resposta ó aumento das nais con fillos pequenos no mercado de traballo.

c) unha mellor diversificación das fontes de apoio en servicios ás familias, con fórmulas mais fortes de cooperación entre gobernos e actores non gobernamentais, con inclusión dos empresarios.

Analizando en concreto as distintas políticas familiares que se están a levar a cabo no marco dos países integrantes da Unión Europea, cabe distinguir entre as políticas de protección económica das familias, as políticas de conciliación da vida familiar e laboral, as políticas activas de emprego e as medidas sociosanitarias e de inserción. A referencia á normativa relacionada existente desenvólvese no **anexo IV**.

A protección económica das familias

Unha das formas nas que as familias poden recibir recursos da colectividade é a través de prestacións monetarias. Estas prestacións representan un recoñecemento por parte da colectividade da carga financeira que representa manter unha familia. Supón unha compensación polo labor e esforzo que realizan as persoas con responsabilidades familiares e tamén unha garantía de que a escaseza de medios económicos de determinadas unidades familiares non afecte ás posibilidades de desenvolvemento dos menores.

A grandes trazos pódense distinguir dous tipos de prestacións: os **subsídios familiares** e as **desgravacións fiscais**. Os primeiros son transferencias monetarias feitas ás familias con cargo á Seguridade Social ou ós Orzamentos Xerais do Estado co obxecto de aumenta-la renda dispoñible dos beneficiarios. Pola súa banda, as desgravacións fiscais representan diversos tipos de condonacións dos impostos que gravan as rendas das familias, que tamén teñen por efecto aumenta-la dispoñibilidade financeira das mesmas.

O debate aberto sobre este tipo de prestacións

monetarias radica no feito de mante-los subsidios familiares como prestacións universais ou non. Nun réxime de subsidios universais, teñen dereito a percibi-las asignacións tódalas familias que teñan ó seu cargo fillos menores de certa idade, en cambio, nun réxime de prestacións baixo condicións de recursos, tan só teñen dereito a elas aquelas familias que obteñen uns ingresos por debaixo do teito determinado.

Sen embargo, mais alá da universalidade ou selectividade das prestacións, o realmente importante é a taxa de cobertura efectiva destas prestacións familiares: Así en Alemaña, en 1989, un 90% dos menores de 18 anos recibían subsidios, mentres que en países como España, durante os anos 90, esta cifra era do 20%.

Sen embargo, cando se examinan comparativamente os programas de prestacións por fillo a cargo, un dos factores que máis os diferencian é o seu carácter natalista ou non. Hai programas nos que a súa finalidade primordial é exclusivamente compensa-lo menoscabo financeiro que representa ter e criar fillos; outros, en cambio, pretenden ademais incentiva-la natalidade a base de ofrecer unha protección adicional ás familias numerosas.

No **anexo III** expónse un cadro comparado das prestacións familiares xerais nos países europeos para o ano 2000.

No que respecta ó sistema español actual de **subsídios familiares**, chamados tecnicamente prestacións familiares por fillo a cargo, están xestionados pola Seguridade Social, e están destinadas a cubri-las situacións de necesidade económica ou exceso de gastos, que produce, para determinadas persoas, a existencia de fillos ó seu cargo.

Para finalizar a análise das prestacións económicas, hai que mencionar tamén outras prestacións, que tecnicamente son independentes dos subsidios familiares e xeralmente acumulables. En primeiro lugar están os subsidios de natalidade, que consisten en sumas de diñeiro que se pagan ás familias con motivo do nacemento dun fillo para facer fronte ós gastos que xera; son polo tanto, medidas de carácter puramente natalista.

Tan só oito do quince países da Unión



Europea teñen prestacións por natalidade (Bélxica, Dinamarca, Alemaña, Francia, Irlanda, Luxemburgo, Portugal e Reino Unido). Por outra banda, países como Grecia e Portugal establecen unha prestación por matrimonio.

Por último, hai que ter en conta tamén o programa español relativo ás familias numerosas. Os beneficios ós que dá lugar a posesión do título de familia numerosa consisten, basicamente, na exención ou redución de determinadas taxas ou tarifas e unha certa preferencia na concesión de préstamos ou na adxudicación de vivendas de protección oficial.

No que respecta á **fiscalidade**, os cidadáns dos países europeos reciben prestacións familiares non só en forma de transferencias directas senón tamén, a través de diversas disposicións do sistema fiscal e en función de determinadas características das súas familias, obteñen un conxunto de beneficios que lles permiten ter un maior nivel de renda e polo tanto un maior benestar.

As diferencias na presión e na estrutura fiscal entre os países europeos son considerables, especialmente entre os países do norte e do sur de Europa.

Centrándonos no imposto sobre a renda das persoas físicas, en primeiro lugar, distínguese entre tributación conxunta ou individual.

Os sistemas de tributación conxunta ou de acumulación de rendas poden dividirse en dous grandes grupos. O primeiro comprende a Alemaña, Francia e Luxemburgo, cun procedemento de reparto claro entre os cónxuxes, e un segundo a Bélxica, cun tipo mixto no que o fogar constitúe a unidade de tributación pero as rendas non se acumulan.

No sistema de tributación individual poden distinguirse tres grandes grupos. O primeiro consiste na tributación individual simple que atopamos en países como Dinamarca, Grecia, Italia e o Reino Unido. Un segundo grupo está formado polos estados que dispoñen dunha fórmula mixta, xa sexa porque permiten a elección entre a tributación acumulada e a individual ou porque combinan elementos dos dous sistemas: Bélxica,

Alemaña, Irlanda, Portugal e España forman parte deste apartado. Por último, Holanda supón un caso particular, posto que toma como base de imposición ó individuo na súa situación familiar.

Unha segunda modalidade de desgravacións fiscais son as deducións que se aplican xa sexa na base imponible ou ben ó montante da cota a pagar en función de determinadas características das unidades familiares ou de certos gastos relacionados ca familia.

No que respecta ás **desgravacións** por razón de fillos ou dependentes a cargo, pódense distinguir tres sistemas. Catro países europeos (Dinamarca, Irlanda, Holanda e Reino Unido) practicamente non outorgan ningún tipo de desgravación por razón de fillos. En Francia, os fillos contan como partes dentro do sistema do cociente familiar. No resto de países da U.E. existen diversas formas de desgravación por razón de fillos ou outros dependentes, xa sexa reducindo a base imponible ou con importes fixos. En Austria, por exemplo, as desgravacións por fillo aumentan en función do rango do fillo. En Bélxica pódese desgravar ata un 80% os gastos de gardería ou de coitado de persoas dependentes.

No caso español, as prestacións familiares por fillo a cargo considéranse rendas exentas.

No caso galego, a Lei 3/2002, do 29 de abril, de medidas de réxime fiscal e administrativo, no seu artigo 1 determina que:

“Artigo 1.- Imposto sobre a renda das persoas físicas.

Un.-No exercicio das competencias atribuídas pola Lei 32/1997, do 4 de agosto, de modificación do réxime de cesión tributaria do Estado á Comunidade Autónoma de Galicia, e de acordo co disposto na letra b) do punto 1.º do apartado Un do artigo 13 da Lei 14/1996, do 30 de decembro, de cesión de tributos do Estado ás comunidades autónomas e de medidas fiscais complementarias, apróbanse as seguintes deducións da cota íntegra autonómica do imposto sobre da renda:

*a) Por nacemento e adopción de fillos:
Por cada fillo nado ou adoptado no período*

impositivo que conviva co contribuínte na data do devengo do imposto poderanse deducir 240 euros. No caso de parto múltiple esta deducción ascenderá a 300 euros por cada fillo.

A deducción estenderase ós dous períodos impositivos seguintes ó do nacemento ou da adopción, sempre que o fillo nado ou adoptado conviva co contribuínte na data de devengo do imposto que corresponda a cada un deles, consonte as seguintes contías e límite de renda:

–240 euros, sempre que a base impositiva do período, antes da aplicación das reducións por mínimo persoal e familiar, estivese comprendida entre 21.035,01 e 30.050 euros.

–300 euros, sempre que a base impositiva do período, antes da aplicación das reducións por mínimo persoal e familiar, fose menor ou igual a 21.035 euros.

Cando, no período impositivo do nacemento ou adopción ou nos dous posteriores, os fillos convivan con ámbolos dous proxenitores, a deducción practícarase por partes iguais na declaración de cada un deles.

b) Por familia numerosa:

O contribuínte que posúa o título de familia numerosa na data do devengo do imposto poderá deducir as seguintes cantidades:

–200 euros, cando se trate de familia numerosa de primeira categoría.

–280 euros, cando se trate de familia numerosa de segunda categoría.

–380 euros, cando se trate de familia numerosa de categoría de honra.

As condicións necesarias para a consideración de familia numerosa e a súa clasificación por categorías determinaranse consonte o establecido na Lei 25/1971, do 19 de xuño, de protección ás familias numerosas, segundo as modificacións introducidas pola disposición derradeira cuarta da Lei 42/1994, do 30 de decembro, de medidas fiscais, administrativas e de orde social, e pola Lei 8/1998, do 14 de abril, de ampliación do concepto de familia numerosa.

Esta deducción practícarase o contribuínte con quen convivan os restantes membros da familia numerosa. Cando estes convivan con máis dun

contribuínte, o importe da deducción ratearase por partes iguais na declaración de cada un deles.

Dous.-A práctica das deduccións ás que se refire o punto anterior quedará condicionada á xustificación documental adecuada e suficiente do presuposto de feito e dos requisitos que determinan a súa aplicabilidade.”

Políticas de conciliación entre a vida laboral e familiar

As medidas de conciliación levadas a cabo en Europa parten da necesidade de solucionar as cuestións xurdidas pola incorporación das mulleres europeas ó traballo remunerado.

Estas medidas de conciliación consisten xa sexa en servizos externos de apoio destinados ás familias (como garderías, coidados a domicilio...), xa sexa en excedencias ou reducións da xornada laboral que permitan ós propios interesados dispoñer de máis tempo co fin de prodigar eles mesmos as atencións ou coidados que requiren algúns dos seus familiares dependentes.

As políticas de conciliación entre a vida profesional e familiar están formadas por conxuntos de disposicións heteroxéneas que teñen o denominador común de arbitrar medidas para que se produza unha mellor integración entre a esfera productiva e a reproductiva.

As políticas de conciliación entre ocupación e familia tratan de ofrecer recursos públicos para que o coidado das persoas dependentes poida ser compartido entre a familia, o mercado e o Estado, sendo a posición de cada goberno respecto da igualdade de oportunidades entre homes e mulleres, no mercado de traballo e na familia, a que orienta dun xeito ou doutro as medidas concretas que se levan a cabo.

No caso español, a taxa de actividade feminina está entre as catro máis débiles da U.E., xunto coa de Italia, Portugal e Grecia, unha taxa de actividade que diminúe a medida que o número de fillos aumenta. No que respecta á atención á infancia, en España os niveis de escolarización para nenos de 3 a 6 anos son aceptables en relación ós países do noso entorno.



Outro capítulo importante dentro das políticas de conciliación a nivel europeo é a flexibilidade laboral e a redución do tempo de traballo extrafamiliar.

A flexibilidade laboral, no contexto das políticas de conciliación, introduce unha marxe de manobra para que os membros das unidades familiares, en certos momentos das súas vidas, poidan atender as súas propias necesidades ou as dos seus achegados e todo elo sen sancións por parte do mercado.

Entre as medidas máis utilizados para permitir a redución do tempo de traballo extrafamiliar están o emprego a tempo parcial e as distintas estratexias de flexibilización así como as diversas modalidades de emprego.

No que respecta ó **emprego a tempo parcial**, e seguindo a información proporcionada polo Eurostat, os países nos que as mulleres traballan menos a tempo parcial son os mediterráneos, o que non é óbice para que o emprego a tempo parcial sexa un fenómeno maioritariamente feminino. Isto explícase polo feito de que o axuste o novo patrón de organización familiar recae sobre elas, o que dificulta ademais a súa promoción e as súas perspectivas profesionais.

As posicións dos gobernos europeos ante a cuestión do emprego a tempo parcial son bastante distintas. Así, Alemaña considera que a forte demanda de emprego a tempo parcial debería ser satisfeita, en cambio Bélxica considera este tipo de emprego como unha ameaza que podería propiciar a fragmentación do mercado laboral, e Holanda e Luxemburgo toman a posición de favorece-lo no período posterior ó permiso de maternidade.

En España, dende principios dos oitenta, a normativa laboral encamiñouse a unha progresiva flexibilización e desregulación do mercado de traballo. Sen embargo, en ningún momento o obxectivo das reformas foi a consecución dunha maior conciliación da vida profesional e familiar. Así en España, as ocupacións a tempo parcial caracterízanse pola súa concentración en determinados sectores como o de servizos, en especial no doméstico, pola feminización e a descualificación.

A recente Lei 39/1999, de 5 de novembro, de conciliación da vida familiar e laboral, establece a posibilidade de redución da xornada laboral atendendo a determinadas circunstancias familiares, e en xeral mellora as posibilidades de conciliación.

No que respecta á **flexibilización do horario de traballo**, pódense observar tres estratexias diferentes. A primeira consiste en ofrecer un certo grao de liberdade na organización do tempo de traballo. A segunda estratexia consiste na redución do tempo de traballo productivo, e en terceiro e último lugar, a posta en marcha dun proceso socio-político de redución da norma colectiva de referencia, xa sexa a través da negociación colectiva, xa sexa impulsado polo goberno.

Outra das formas regulamentadas de conciliación da vida familiar e laboral son as chamadas **licencias parentais**. Son medidas mixtas de política laboral e familiar que incorporan instrumentos tales como:

a) Descanso e prestacións de maternidade: En 6 dos 15 países da U.E., incluída España, a prestación por descanso de maternidade é de 16 semanas, por debaixo de países como Suecia (51 semanas) ou Finlandia (43,5 semanas), onde o período de descanso é maior pero redúcense as semanas retribuídas e a porcentaxe de salario que se percibe. Sen embargo esta análise é puramente estimativa xa que as condicións de acceso a estes programas é moi diferente en cada un dos países.

b) Excedencias parentais: Trátase dunha especie de prolongación das licencias de maternidade para que os pais poidan atender as necesidades do neno nas mellores condicións posibles. En algúns países como Bélxica a excedencia parental inscríbese dentro do marco xeral de disposicións sobre a suspensión temporal da actividade profesional ou laboral por razóns persoais ou familiares, pero non necesariamente por motivo do nacemento dun fillo. En Alemaña, tódolos pais, tanto se están no mercado de traballo ou non, poden tomar unha excedencia de ata tres anos. En Francia existe un subsidio que se paga ó pai ou á nai cando deixan de traballar para coidar ó menos a dous fillos, un deles menor de tres anos. En España, existe a posibilidade de acollerse a unha excedencia parental non remunerada con ocasión do nacemento,

adopción ou acollemento dun fillo, así como para o coidado dun familiar; esta excedencia será como máximo de tres anos no primeiro caso e dun ano no segundo.

c) Horarios comerciais, escolares e de servizos públicos: A regulamentación destes horarios inflúe no benestar das familias e nas posibilidades de conciliación da vida laboral e familiar. No que respecta ós horarios escolares na maioría dos países europeos existe xornada intensiva na educación primaria, sen embargo a diferenza radica no feito de que existen grandes diferenzas no desenvolvemento de programas de actividades complementarias de tarde, así como na distribución ou concentración no verán das vacacións escolares.

A crecente participación das mulleres no mercado laboral modificou o tradicional papel do home como único subministrador de recursos para satisfacer as necesidades básicas. Sen embargo, esta redistribución das necesidades das responsabilidades económicas non se acompañou dunha redistribución semellante das responsabilidades domésticas e de coidado.

Esta dobre presenza no ámbito público e no doméstico require a organización da sociedade, social e laboralmente, para garantir a elección individual e o cambio dos tempos e prioridades.

As liñas nas que se ten que actuar para conseguir a conciliación son tanto na flexibilización do mercado de traballo como en cambiar o rol de xénero. Neste ámbito trata de actuar a Lei 39/1999, de 5 de novembro, para promover a conciliación da vida familiar e laboral das persoas traballadoras, entre outras disposicións tanto estatais como autonómicas que se analizan no anexo dedicado á normativa neste informe.

As posibilidades de conciliación entre a vida familiar e a laboral son un condicionante moi importante á hora de ter ou aumentar o número de fillos, así como á hora de manter o emprego ante situacións de necesidade de coidado de persoas dependentes.

A Enquisa de condicións de vida das familias 2001, elaborada polo IGE, é a base que consideramos á hora de analizar o grao de conciliación

existente en Galicia entre a vida familiar e a vida laboral das persoas ocupadas na comunidade.

O **cadro 5.1.** mostra, en primeiro lugar, a porcentaxe de ocupados segundo os medios que consideran lles facilitarán o equilibrio entre a súa vida familiar e laboral, estando o 62,8% dos ocupados galegos da mostra de acordo con que a existencia de horarios de traballo flexibles e personalizados é a mellor vía para facilitar a conciliación da vida familiar e laboral, seguido por “outros xeitos”, pola concesión de permisos paternais, pola creación de garderías nas empresas e pola ampliación dos servizos extraescolares nos colexios.

Tendo en conta que só o 39,1% dos enquisados consideran que a compatibilización da vida familiar e laboral é difícil ou moi difícil (**cadro 5.2.**), pasamos a continuación a analizar o grao de compatibilización existente.


O **cadro 5.3.** mostra a porcentaxe de ocupados satisfeitos co número de fillos que teñen, resolvendo que para o conxunto de Galicia, así como para as catro provincias desagregadas, a porcentaxe de ocupados satisfeitos co número de fillos supera en todos os casos o 73%, chegando ó 78,1% na provincia de A Coruña.

O 42% dos ocupados á hora de ter fillos están condicionados pola situación económica, seguidos polo 28,4% que alegan “Outros motivos”, polo 20,2% que alega a falta de tempo ou do 17,6% que está condicionado fundamentalmente pola situación laboral (**cadro 5.4.**).

Entre as xa sinaladas formas de facilitar o equilibrio entre vida familiar e laboral podemos destacar as seguintes porcentaxes:

a) Posibilidade de beneficiarse de permisos paternais: o 43,5% dos ocupados optarían, se fose o caso, mentres que o 24,6% non pode optar ós mesmos, destacando o feito de que só o 9,3% dos ocupados optou algunha vez a este permiso, sendo a provincia onde existe un maior aproveitamento dos permisos paternais a de Pontevedra, co 10,5% dos ocupados (**cadro 5.5.**).

b) Posibilidade de beneficiarse da excedencia por nacemento de fillos: o 34,3% dos ocupados



5.1.

Persoas ocupadas: distribución segundo os medios que consideran que lles facilitarán o equilibrio entre a súa vida familiar e laboral

	A Coruña	Lugo	Ourense	Pontevedra	Total
	(%)				
Horarios de traballo flexibles e personalizados	65,2	56,9	63,1	62,1	62,8
Concesión de permisos parentais	19,4	16,5	21,1	18,6	18,9
Creación de garderías nas empresas	14,4	10,5	21,1	16,0	15,2
Amplia-los servizos extraescolares nos colexios	8,7	7,6	9,9	10,7	9,4
Outros xeitos	20,3	28,2	17,2	19,1	20,6

Fonte: IGE , Enquisa de condicións de vida das familias (2001)

5.2.

Persoas ocupadas: distribución segundo o grao de compaxinación do seu traballo coa vida familiar

	A Coruña	Lugo	Ourense	Pontevedra	Total
	(%)				
Moi doado	8,4	8,7	8,1	5,9	7,5
Doado	52,4	55,8	64,0	50,4	53,4
Difícil	29,9	29,2	23,1	34,2	30,6
Moi difícil	9,3	6,4	4,9	9,5	8,5
Total	100	100	100	100	100

Fonte: IGE , Enquisa de condicións de vida das familias (2001)

5.3.

Persoas ocupadas que están satisfeitos co número de fillos que teñen

	A Coruña	Lugo	Ourense	Pontevedra	Total
	(%)				
Si	78,1	73,5	73,8	77,8	76,9
Non	15,3	10,8	8,2	11,5	12,6
Non aplicable	6,6	15,7	18,0	10,7	10,4
Total	100	100	100	100	100

Fonte: IGE , Enquisa de condicións de vida das familias (2001)

5.4.

Persoas ocupadas : distribución segundo motivos que os condicionaron á hora de teren fillos

	A Coruña	Lugo	Ourense	Pontevedra	Total
	(%)				
Situación económica	40,5	36,4	39,8	46,9	42,1
Falta de tempo dispoñible para	21,3	17,8	14,3	21,6	20,2
Situación laboral	17,5	12,8	13,5	20,7	17,6
Idade de maternidade/paternid	12,0	5,8	9,9	9,3	10,0
Outros motivos	32,3	29,0	24,8	24,6	28,4
Non consta	6,6	17,2	19,5	10,6	10,8

Fonte: IGE , Enquisa de condicións de vida das familias (2001)

5.5.

Persoas ocupadas: distribución segundo a posibilidade de beneficiarse de permisos parentais

	A Coruña	Lugo	Ourense	Pontevedra	Total
	(%)				
Si, xa optei	9,6	6,2	7,9	10,5	9,3
Se é o caso, optaría	43,6	44,4	50,1	41,1	43,5
Se é o caso, non optaría	7,7	6,1	7,0	9,0	7,8
Non podo optar	26,6	25,7	23,1	22,2	24,6
Non sabe	12,5	17,6	12,0	17,3	14,8
Total	100	100	100	100	100

Fonte: IGE , Enquisa de condicións de vida das familias (2001)

5.6.

Persoas ocupadas: distribución segundo a posibilidade de beneficiarse da excedencia por nacemento de fillos

	A Coruña	Lugo	Ourense	Pontevedra	Total
	(%)				
Si, xa optei	3,5	2,5	2,7	3,8	3,4
Se é o caso, optaría	34,1	34,2	43,4	31,7	34,3
Se é o caso, non optaría	14,3	6,4	11,9	15,8	13,5
Non podo optar	34,8	39,7	31,0	30,8	33,6
Non sabe	13,4	17,2	11,0	17,9	15,2
Total	100	100	100	100	100

Fonte: IGE , Enquisa de condicións de vida das familias (2001)

5.7.

Persoas ocupadas: distribución segundo a posibilidade de beneficiarse da redución do horario por nacemento de fillos

	A Coruña	Lugo	Ourense	Pontevedra	Total
	(%)				
Si, xa optei	2,2	4,0	2,6	2,3	2,5
Se é o caso, optaría	38,4	41,6	47,5	36,8	39,2
Se é o caso, non optaría	11,8	8,1	10,5	13,1	11,7
Non podo optar	33,4	28,5	28,4	29,8	31,0
Non sabe	14,2	17,8	11,0	17,9	15,6
Total	100	100	100	100	100

Fonte: IGE , Enquisa de condicións de vida das familias (2001)

5.8.

Persoas ocupadas: distribución segundo a posibilidade de beneficiarse da excedencia por coidado de persoas dependentes

	A Coruña	Lugo	Ourense	Pontevedra	Total
	(%)				
Si, xa optei	0,9	0,7	1,2	1,7	1,2
Se é o caso, optaría	39,6	39,6	50,8	35,0	39,2
Se é o caso, non optaría	12,3	5,6	9,8	14,0	11,8
Non podo optar	33,7	37,8	25,6	31,4	32,6
Non sabe	13,5	16,2	12,6	17,9	15,3
Total	100	100	100	100	100

Fonte: IGE , Enquisa de condicións de vida das familias (2001)



5.9.

Persoas ocupadas: distribución segundo a posibilidade de beneficiarse da redución do horario por coidado de persoas dependentes

	A Coruña	Lugo	Ourense	Pontevedra	Total
	(%)				
Si, xa optei	1,0	1,2	0,6	1,5	1,1
Se é o caso, optaría	41,3	51,0	51,7	40,3	43,3
Se é o caso, non optaría	10,8	6,4	10,5	10,8	10,2
Non podo optar	32,8	24,7	25,0	29,6	29,8
Non sabe	14,2	16,7	12,3	17,9	15,6
Total	100	100	100	100	100

Fonte: IGE, Enquisa de condicións de vida das familias (2001)

optaría se fose o caso, e o 33,6% non podería optar, mentres que só o 3,4% dos ocupados aproveitou nalgunha ocasión este tipo de permisos, sendo, ó igual que no caso anterior, a provincia de Pontevedra a que presenta unha maior porcentaxe de aproveitamento, co 3,8% dos ocupados (cadro 5.6.).

c) Posibilidade de beneficiarse da redución do horario por nacemento de fillos: o 39,2% dos ocupados optaría se fose o caso, mentres que o 31% dos mesmos non pode optar a esta redución horaria, salientando que só o 2,5% dos ocupados optaron algunha vez a esta redución, sendo neste caso a provincia de Lugo a que presenta un aproveitamento maior, co 4% dos ocupados (cadro 5.7.).

d) Posibilidade de beneficiarse da excedencia por coidado de persoas dependentes: o 39,2% dos ocupados galegos optaría se fose o caso, mentres que o 32,6% non pode optar. Por outra banda, só o 1,2% dos ocupados galegos optou algunha vez a esta excedencia sendo a provincia de Pontevedra a que presenta unha maior porcentaxe de ocupados que accederon a esta excedencia, co 1,7% do total (cadro 5.8.).

e) Posibilidade de beneficiarse da redución do horario por coidado de persoas dependentes: o 43,3% dos ocupados optaría a esta redución se fose o caso, e o 29,8% non pode optar a ela. Sen embargo, só o 1,1% dos ocupados totais da mostra optaron algunha vez a esta redución horaria, sendo a provincia de Pontevedra a que presenta unha maior porcentaxe de aproveitamento, co 1,5% dos ocupados da mostra provincial (cadro 5.9.).

Finalmente, o número de prazas de **atención á primeira infancia** é un indicador das posibilidades de conciliación da vida familiar e laboral. Os **cadros 5.10. e 5.11.** mostran dun xeito comparado, o número de servizos e prazas para os anos 1999 e 2000 así como o importe das subvencións de atención á primeira infancia. Esta información provén da actividade que desenvolve o Ministerio de Traballo e Asuntos Sociais, subvencionando plans e programas conxuntos de servizos de atención á primeira infancia, competencia das Comunidades Autónomas.

No **cadro 5.10.** expóñense o número de servizos e prazas de atención á primeira infancia. O total de servizos para Galicia no ano 2000 era de 83, distribuídos en 31 de atención á primeira infancia e 49 garderías infantís laborais.

No que respecta ós 34 centros de atención á primeira infancia existentes en Galicia destacar que a nosa comunidade é a sexta en número de ditos servizos, por detrás de Andalucía (114), Cataluña (52), Estremadura (42), Murcia (41) e Madrid (36), tendo en conta a non existencia de datos para o País Vasco. Para o ano 1999 o número de servizos á primeira infancia era de 31, que incorporaban 1.508 prazas.

En relación ás garderías infantís laborais, Galicia no ano 2000 contaba con 49 establecementos, oito máis que o ano anterior, situándose no primeiro posto a nivel estatal en número de garderías infantís laborais. No que respecta ó número de prazas dispoñibles nestes establecementos en Galicia no ano 1999 era de 2.056, o que a sitúa no cuarto lugar a nivel estatal, por detrás de Cataluña, Madrid e a Comunidade Valenciana.

5.10.

Servicios e prazas de atención á primeira infancia para conciliar a vida familiar e laboral nas CC.AA. 1999-2000

	Servicios				Prazas					
	Total		Atención 1ª infancia		Total		Atención 1ª infancia		Guarderías Infantís	
	1999	2000	1999	2000	1999	2000	1999	2000	1999	2000
					Laborais		Laborais		Laborais	
					2000		2000		2000	
					1999		1999		1999	
					2000		2000		2000	
Andalucía	94	142	71	114	23	28	5	-	2	-
Aragón	51	67	5	24	46	43	2	-	1	-
Asturias	6	8	2	5	4	3	517	-	294	-
Baleares	20	32	7	16	13	16	1	-	813	-
Canarias	13	16	13	13	-	3	641	-	-	-
Cantabria	12	14	4	4	8	10	850	-	559	-
Castela- A Mancha	13	30	8	25	5	5	735	-	397	-
Castela e león	35	34	17	19	18	15	2	-	876	-
Cataluña	81	98	34	52	47	46	5	-	2	-
Comunidade Valenciana	52	63	14	31	38	32	3	-	3	-
Extremadura	52	59	31	42	21	17	1	-	600	-
Galicia	72	83	31	34	41	49	4	-	2	-
A Coruña	-	-	-	-	-	-	1	-	685	-
Lugo	-	-	-	-	-	-	537	-	27	-
Ourense	-	-	-	-	-	-	197	-	66	-
Pontevedra	-	-	-	-	-	-	1	-	282	-
Madrid	62	71	26	36	36	35	4	-	1	-
Murcia	57	58	24	41	33	17	4	-	2	-
Navarra	-	-	-	-	-	-	-	-	-	-
Pais Vasco	-	-	-	-	-	-	-	-	-	-
A Ríoxa	5	7	2	4	3	3	140	-	57	-
Ceuta e Melilla	3	4	3	4	-	-	138	-	138	-
Total	628	786	292	464	336	322	33	14	19	-

Fonte: Ministerio de Trabajo y Asuntos Sociales. Anuario de Estadísticas Laborales



5.11.

Subvencións de atención á primeira infancia para concilia-la vida familiar e laboral nas CC.AA. 1999-2000: importes

	Total		Atención á primeira infancia		Garderías infantís laborais					
	1999	2000	Aportación Ministerio 1999	Aportación CC.AA. 2000	Aportación Ministerio 1999	Aportación CC.AA. 2000				
			<i>(en miles de euros)</i>							
Andalucía	6.028,5	9.105,5	1.313,3	2.552,5	2.379,4	3.582,0	1.283,1	1.283,1	1.052,7	1.687,9
Aragón	530,3	826,4	152,2	299,5	152,5	299,5	225,6	227,4	-	-
Asturias	668,5	871,2	166,6	268,0	190,3	291,7	152,9	152,9	158,6	158,7
Baleares	519,3	1.032,4	114,0	243,8	283,0	670,8	122,3	117,8	-	-
Canarias	1.335,4	3.504,5	565,7	694,7	769,6	1.254,1	-	171,3	-	1.384,4
Cantabria	323,5	462,2	76,1	135,1	127,2	206,9	92,6	92,6	27,6	27,6
Castela-A Mancha	1.066,4	1.772,4	285,4	560,6	341,0	793,9	206,3	206,3	231,8	209,6
Castela e León	1.693,6	2.759,5	346,8	628,4	1.012,9	1.788,0	334,0	343,1	-	-
Cataluña	4.947,5	5.759,3	842,4	1.672,3	2.840,9	2.816,8	1.180,1	1.180,1	84,1	90,2
Comunidade Valenciana	3.163,3	4.715,1	659,0	1.226,1	1.811,3	2.778,6	692,9	710,4	-	-
Extremadura	887,2	2.125,4	199,1	369,7	553,2	1.617,6	134,9	138,1	-	-
Galicia	2.625,6	3.135,3	381,8	667,0	1.105,1	1.018,1	425,8	425,8	713,0	1.004,4
A Coruña	810,4	-	154,0	-	454,4	-	75,5	-	126,4	-
Lugo	387,5	-	105,8	-	250,4	-	11,7	-	19,6	-
Ourense	208,3	-	40,8	-	133,4	-	12,7	-	21,3	-
Pontevedra	1.219,4	-	81,1	-	266,9	-	325,8	-	545,7	-
Madrid	4.619,3	6.225,1	919,1	1.616,0	1.112,2	1.969,5	1.103,4	1.103,4	1.484,5	1.536,3
Murcia	8.018,6	9.235,3	287,8	648,0	3.237,3	8.403,3	240,1	71,9	4.253,5	112,0
Navarra	-	-	-	-	-	-	-	-	-	-
País Vasco	157,9	301,6	50,3	83,1	50,3	160,1	48,9	49,9	8,4	8,5
A Ríoxa	133,8	209,9	66,9	98,0	66,9	111,9	-	-	-	-
Ceuta e Melilla	-	-	-	-	-	-	-	-	-	-
Total	36.718,7	52.041,0	6.426,5	11.782,7	16.033,2	27.762,7	6.244,7	6.276,0	8.014,3	6.219,6

Fonte: Ministerio de Trabajo y Asuntos Sociales

Finalmente, o **cadro 5.11.** mostra o importe das subvencións de atención á primeira infancia no período 1999-00. O importe total das subvencións para este servizo en Galicia ascendeu no ano 2000 a 3,1 millóns de euros, un 19,4% máis que o ano anterior. O 54,3% das subvencións están destinadas á atención á primeira infancia, mentres que o 45,7% restante dedícase ás garderías infantís laborais.

Dos 1,7 millóns de euros destinados á atención á primeira infancia en Galicia, o 58,8% corresponde a contribucións da Comunidade Autónoma, mentres que o financiamento restante provén de achegas do Ministerio de Traballo e Asuntos Sociais. Por outra banda, dos 1,4 millóns de euros de subvencións destinadas ás garderías infantís laborais, o 71,4% corresponde a contribucións da Comunidade Autónoma e o 29% a contribucións do Ministerio de Traballo e Asuntos Sociais.

A nivel provincial, e con datos referidos ó ano 1999, a provincia de Pontevedra é a que recibe unha maior achega de fondos, co 46,4% do total de subvencións á primeira infancia da Comunidade Autónoma, fronte á provincia de Ourense, onde se destina o 7,9% das subvencións totais.

En relación ós volumes totais de subvencións aportados polo Ministerio de Traballo e Asuntos Sociais ás distintas comunidades autónomas, Galicia recibe o 5,8% das contribucións estatais totais para a atención á primeira infancia e o 6,7% do total de subvencións estatais as garderías infantís laborais do conxunto de autonomías.

Medidas activas de emprego

Entre as directrices europeas para o emprego destacan as orientadas a promove-la igualdade de oportunidades entre homes e mulleres no mercado de traballo.

A prioridade do colectivo feminino nas medidas activas de emprego materialízase na mellora da empregabilidade e o fomento do emprego estable, deséñanse medidas específicas de discriminación positiva que faciliten a súa incorporación ó mercado de traballo.

Os obxectivos das directrices europeas para o emprego son:

- a) Favorece-la inserción e estabilidade laboral da muller traballadora.
- b) Mellora-las condicións nas que se desenvolve o emprego feminino.

As liñas de actuación son:

- a) Incentivos á contratación indefinida.
- b) Axuda á contratación do primeiro empregado.
- c) Axuda á contratación en prácticas.
- d) Programa custo cero: Substitucións por causa de maternidade, adopción ou acollida.
- e) Apoio ás mulleres emprendedoras: autónomas, cooperativas e sociedades laborais e Programa EMEGA.
- f) Axudas para o fomento da iniciativa empresarial e do emprego no eido local e rural.

• *Actuacións para o fomento do emprego e da estabilidade laboral*

1.- Contratación indefinida

Para fomenta-la estabilidade no emprego concédense axudas ás empresas que contraten de forma indefinida inicial a desempregadas inscritas no Servicio Público de Emprego (SPE) ou transformen contratos temporais en indefinidos.

A contratación indefinida de mulleres desempregadas menores de 30 anos, paradas de longa duración ou maiores de 45 anos subvenciónase cunha axuda económica que se incrementa, entre outros supostos, se se incorporan a profesións con menor índice de emprego feminino, ou tras unha ausencia prolongada.

Estes incentivos son compatibles coas bonificacións á Seguridade Social previstas na lexislación estatal.

Incentivos á contratación indefinida inicial de desempregadas inscritas como demandantes de emprego no SPE: menores de 30 anos, parados de longa duración e maiores de 45 anos.

Establécese un incentivo lineal que se amplía e reforza cando, ademais, concorren algunha das circunstancias seguintes:



a) Mulleres que realizasen cursos do Plan FIP.

b) Mulleres que participasen como alumnas en escolas taller e casas de oficio ou en obras e servizos de interese xeral noutros programas de fomento de emprego.

c) Mulleres con discapacidade.

d) Mulleres, menores de 30 anos, á procura do primeiro emprego.

e) Mulleres en profesións e ocupacións con menor índice de emprego feminino.

f) Mulleres que se incorporen á actividade laboral logo dunha ausencia prolongada como mínimo de 3 anos.

Incentivos á transformación de contratos temporais en indefinidos: o incentivo incrementábase cando se trate de mulleres que presten ou vaian prestar servizos en profesións e ocupacións con menor índice de emprego feminino.

No ano 2001, os beneficiarios dos programas xerais á contratación indefinida en Galicia, ascenderon a 14.428, dos que 9.066 accederon a unha contratación indefinida dende o desemprego, e 5.362 responden a transformacións de contratos temporais en indefinidos.

A participación das mulleres neste programa pasou do 31% en 1998 ó 38% en 1999, e do 42% no 2000 ó 49% no ano 2001, o que representa a existencia no ano 2001 de 7.069 mulleres beneficiarias, 7 puntos porcentuais máis que no ano anterior.

No ano 2001 o 14% das contratacións indefinidas formalizáronse a tempo parcial, e o 19% das contratacións a tempo parcial incentivadas formalizáronse con homes e o 81% con mulleres.

2.- Axuda á contratación do primeiro empregado ou empregada.

Coa axuda á creación do primeiro emprego preténdese estimular as pequenas empresas para que contraten ó seu primeiro asalariado, con carácter indefinido. Créase así un posto de traballo estable.

Os colectivos de mulleres desempregadas menores de 30 anos, paradas de longa duración e

maiores de 45 anos defínense como prioritarios neste tipo de axudas, compatible coas bonificacións á Seguridade Social previstas na lexislación estatal.

Poderán ser beneficiarias as empresas que, levando un ano en activo, contraten con carácter estable ó seu primeiro empregado ou empregada. Mantense a preferencia dos colectivos prioritarios, entre eles, as mulleres desempregadas menores de 30 anos, paradas de longa duración ou maiores de 45 anos.

O tipo de axuda é unha subvención equivalente ó 30% da base mínima do grupo de cotización para 1999, calculada sobre 3 anualidades.

En relación á incidencia por sexo da axuda excepcional pola contratación ó primeiro empregado, esta mostra unha participación das mulleres moi superior á dos homes e á acadada no conxunto destes programas, situándose no 66%, existindo 192 beneficiarias dos 292 beneficiarios totais no ano 2001.

3.- Axuda á contratación en prácticas

As axudas á contratación en prácticas favorecen a formación teórico-práctica, a adquisición de experiencia laboral e a inserción no mercado laboral de mulleres tituladas e potencian a contratación de persoal cualificado para facilitar a innovación científica e técnica das empresas galegas.

Os beneficiarios destas axudas serán as empresas con centros de traballo en Galicia que contraten en prácticas mulleres tituladas universitarias ou en formación profesional de grao medio ou superior ou que estean en posesión de título equivalente, por un período non inferior a 12 meses.

As axudas económicas á contratación en prácticas incrementábase no caso de contratos en prácticas relacionados con accións de I+D.

Os incentivos para a transformación de contratos en prácticas en indefinidos incrementábase cando a contratación en prácticas e a indefinida estean relacionadas con accións de I+D.

No ano 2001, 1.843 empresas recibiron axu-

5.12.

Actuacións para o fomento do emprego e da estabilidade laboral 2001

	Beneficiarios	Investimento <i>(miles de euros)</i>
A Coruña	6.973	13.681,37
Lugo	2.350	5.030,45
Ourense	1.639	3.479,45
Pontevedra	17.397	13.995,02
Total Galicia	28.359	36.186,29

Fonte: Consellería de Familia e Promoción do Emprego, Muller e Xuventude, Medidas activas de emprego 2001

das pola contratación en prácticas, por un tempo igual ou superior a 12 meses, de 2.169 xoves titulados. Neste programa os traballadores e traballadoras beneficiarias tenden a equipararse por razón de sexo se se compara cos datos do programa de contratación indefinida. No ano 2001, os resultados deste programa respecto da participación das mulleres situáronse no 49%, 1.055 mulleres fronte a 1.114 homes.

4.- Programa custo cero: substitución por maternidade, adopción e acollemento

Coa finalidade de incidir no principio de igualdade de oportunidades entre homes e mulleres no acceso e permanencia no emprego, incentívanse os contratos de interinidade por substitucións de traballadores ou traballadoras de baixa por causa de maternidade, adopción ou acollida.

As beneficiarias deste programa poden se-las empresas que realicen contratos por causa de maternidade, adopción ou acollida, con desempregados ou desempregadas inscritos ou inscritas no Servicio Público de Emprego.

A axuda é equivalente ás cotas empresariais á Seguridade Social do traballador ou traballadora de baixa por maternidade, adopción ou acollida durante o período de substitución. Esta axuda é incompatible coas bonificacións á Seguridade Social dos contratos de interinidade regulados polo Real Decreto 11/1998, de 4 de setembro.

No ano 2001 o número de beneficiarios directos foi de 345, sendo o perfil do traballador beneficiario destas axudas o dunha muller (92%), menor de trinta anos (57%), dunha empresa do sector servicios (85%).

No que respecta ó investimento e beneficiarios das actuacións para o fomento do emprego e da estabilidade laboral, (a contratación indefinida, a axuda á contratación ó primeiro empregado, a axuda á contratación en prácticas, as axudas á contratación indefinida de persoas con discapacidade, o programa custo cero e as contratacións de colectivos en risco de exclusión social), o **cadro 5.12.** mostra a distribución dos beneficiarios e beneficiarias e do investimento total por provincias. Dos máis de 36 millóns de euros destinados a estas actuacións no ano 2001, o 76,4% estiveron destinados a actuacións centralizadas nas provincias de A Coruña e Pontevedra, o 13,9% en Lugo e o 9,6% restante en Ourense.

En relación ó número de beneficiarios, destaca a provincia de Pontevedra co 17.397 beneficiarios, o 61,3% do total, seguida de A Coruña co 24,5% e de Lugo e Ourense co 8,2% e co 5,7% do total de beneficiarios respectivamente.

• Actuacións para o desenvolvemento da economía social e do autoemprego

5.- Mulleres emprendedoras: autónomas, cooperativas e sociedades laborais.

Co apoio ás mulleres emprendedoras foméntase a creación do seu propio posto de traballo como solución para a súa inserción estable na actividade laboral e profesional.

As mulleres teñen unha especial preferencia nas medidas dirixidas a fomenta-las diversas fórmulas de autoemprego: o traballo autónomo e o traballo asociado en empresas de economía social.

Promoción do emprego autónomo: as benefi-



ciarias son as traballadoras desempregadas inscritas como demandantes de emprego no Servicio Público de Emprego que proxecten a creación do seu propio posto de traballo como traballadoras autónomas.

Os tipos de axudas son:

a) Subvención para a redución do tipo de xuro para os créditos destinados a financian-lo investimento necesario para a constitución dunha empresa.

b) Rendas para o inicio da actividade, para garantir uns ingresos mínimos durante o período de posta en marcha.

c) Axuda económica para o investimento en activo fixo, se se trata dunha traballadora con discapacidade

No ano 2001, 4.699 desempregados e desempregadas galegas que crearon o seu propio negocio constituíndose en traballadores e traballadoras autónomas, beneficiáronse das axudas do programa de promoción do emprego autónomo, 2.289 mulleres e 2.410 homes

Fomento do emprego en cooperativas e sociedades laborais: Os beneficiarios e beneficiarias son:

a) Cooperativas e sociedades laborais con domicilio na Comunidade Autónoma de Galicia e inscritas no correspondente rexistro.

b) Desempregadas inscritas no Servicio Público de Emprego, que se incorporen como socias traballadoras ou de traballo en cooperativas ou sociedades laborais. Prevalece o colectivo de mulleres e non se lles esixe o requisito de paradas de longa duración nos seguintes supostos:

- Mulleres menores de 25 anos.
- Mulleres que realizan cursos do Plan FIP.
- Mulleres que participasen como alumnas en escolas obradoiro, en casas de oficio ou en obras e servizos de interese xeral.

- Mulleres que accedan ó seu primeiro emprego ou se incorporen a profesións e ocupacións con menor índice de emprego feminino.

- Traballadoras con discapacidade

c) Universidades, centros colaboradores de formación ocupacional e institucións de move-

mento cooperativo ou sociedades laborais.

Tipos de axuda:

a) Cooperativas e sociedades laborais:

- Subvención dos gastos derivados da asistencia técnica necesaria para a creación, mantemento ou reestructuración de cooperativas ou sociedades laborais nas seguintes modalidades:

- Estudos de viabilidade, organización e comercialización.

- Contratación de directores, xerentes ou técnicos.

- Auditorías e informes económicos.

- Asesoramento en xestión empresarial.

- Subvención para a redución do tipo de xuro dos créditos destinados a financiarlos investimentos en activos fixos necesarios para a constitución das cooperativas en sociedades laborais:

- Axuda excepcional para o investimento en activos fixos para as cooperativas de traballo asociado e sociedades laborais de nova creación constituídas por socios e socias menores de 30 anos.

b) Socios traballadores ou de traballo: Rendas para o inicio da actividade, para garantir uns ingresos mínimos durante o período inicial de alta na actividade.

c) Outras entidades: Financiamento de accións de formación, fomento e difusión da economía social dirixidas a socios traballadores de cooperativas ou sociedades laborais e a traballadores desempregados que desexen integrarse neste tipo de empresas.

En relación ás axudas a cooperativas e sociedades laborais, no ano 2001 máis do 80% das axudas foron concedidas a sociedades limitadas, o 16% a cooperativas e o 1% a sociedades anónimas laborais. A maioría das cooperativas e sociedades laborais incentivadas desenvolven a súas actividades no sector servizos, o 68%.

En relación ás axudas para a adquisición da condición de socio traballador, o 73% dos beneficiarios incorporáronse a unha sociedade limitada laboral, o 26% a unha cooperativa, e o 1% a unha sociedade anónima laboral. O 55% dos beneficia-

5.13.

Actuacións para desenvolvemento da economía social e do autoemprego 2001

	Beneficiarios	Investimento (miles de euros)
A Coruña	3.072	8.312,74
Lugo	1.298	4.706,25
Ourense	1.224	5.011,67
Pontevedra	3.335	8.567,32
Total Galicia	8.929	26.597,97

Fonte: Consellería de Familia e Promoción do Emprego, Muller e Xuventude, Medidas activas de emprego 2001

rios deste tipo de axudas son homes, e o 45% restante mulleres.

En relación ás axudas de aboamento de cotas ós perceptores da prestación por desemprego na súa modalidade de pago único, das 956 persoas beneficiarias no ano 2001, 737 son homes e 219 mulleres.

6.- Fomento da iniciativa empresarial do emprego no eido local e rural: Iniciativas locais de emprego e proxectos piloto de acción rural.

Dentro da axudas ás mulleres emprendedoras considéranse as dirixidas ó establecemento de pequenas empresas no eido local e rural, como instrumentos dinamizadores do emprego e da economía na zona que se implantan.

As iniciativas locais de emprego son proxectos empresariais innovadores de iniciativa privada, promovidos, participados ou cofinanciados por unha administración local de carácter territorial ou pola Xunta de Galicia, xeradores de emprego estable.

A incidencia deste programa no ano 2001, reflíctese nos seguintes datos:

No ano 2001 subvencionáronse 161 novas iniciativas de emprego en Galicia, 87 no sector primario, na industria 28, na construción 2 e nos servizos 44.

O número de postos de traballos estables creados ascendeu a 512, estando o 61% dos mesmos ocupados por mulleres.

No que respecta ó investimento e persoas beneficiarias das actuacións para o desenvolvemento da economía social e do autoemprego, (promoción do emprego en cooperativas e sociedades laborais, apoio ó emprego autónomo, integración laboral dos traballadores con discapacidade e as iniciativas de emprego locais, rurais e de base tecnolóxica), o **cadro 5.13.** mostra a distribución dos beneficiarios e beneficiarias e do investimento total por provincias. Dos máis de 26 millóns de euros destinados a estas actuacións no ano 2001, o 63,3% estiveron destinados a actuacións centralizadas nas provincias de A Coruña e Pontevedra, o 18,8% en Ourense e o 17,6% restante en Lugo.

En relación ó número de persoas beneficiarias, destacan as provincias de Pontevedra e A Coruña con 3.335 e 3.072 respectivamente, o 71,7% do total, seguidas de Lugo e Ourense co 14,5% e co 13,7% do total de beneficiarios respectivamente.

En relación ás medidas propostas no ámbito da familia e da muller, os programas que se definen no Orzamento xeral da Comunidade Autónoma para o ano 2001 co obxectivo de cubrir a realización dos obxectivos expostos nas políticas analizadas analizaranse a continuación. O comentario da normativa de referencia expónse no **anexo IV**, tendo en conta que a análise efectúase sobre o ano 2001 por ser este o último no que se dispón dunha recompilación do desenvolvemento da normativa de referencia.

Programa 212 A: "Pensións e prestacións asistenciais"; este programa ten como obxectivos os de promover un sistema de apoio á familia que



5.14.

Programas e servicios da Consellería de Familia referentes á muller e familia 2001: distribución dos créditos

Programas		Servicios					Total
		01	02	03	04	50	
		(miles de euros)					
212 A	Pensións e prestacións asistenciais		7.670,1			6.209,1	13.879,2
212 D	Pensións e prestacións en servicios sociais		4.422,8				4.422,8
241 A	Fomento do emprego	13.030,5		53.161,9	77.471,7		143.664,1
241 B	Fomento do emprego. FSE			6.991,0	28.537,9		35.528,8

Fonte: Xunta de Galicia, Presupostos xerais da C.A. 2001

5.15.

Programas e servicios da Consellería de Educación referentes á muller e familia 2001: distribución dos créditos

Programas		Servicios			Total
		01	02	03	
		(miles de euros)			
323 A	Servicios e axudas complementarias da ensinanza	93.924,4	8.886,0	3.164,9	105.975,3

Fonte: Xunta de Galicia, Presupostos xerais da C.A. 2001

Ile permita mellora-la súa calidade de vida, consolida-la rede integrada de recursos e servicios que dean apoio ó pleno exercicio das funcións da familia na sociedade e facilita-las condicións de autonomía e integración normalizada das persoas e unidades familiares en desvantaxe ou dificultade social.

Programa 212 B: Centros para servicios sociais; este programa ten como obxectivo, entre outros, o de potencia-la rede de equipamentos residenciais e outros recursos de apoio ás familias que favorezan o mellor nivel de atención ós beneficiarios.

Programa 212 D: Pensións e prestacións en servicios sociais; os obxectivos a acadar con este programa son os de colaborar coa Administración local e coas entidades de iniciativa social co obxecto de acada-lo máximo desenvolvemento de naqueles ámbitos primordiais no apoio ás familias e o de promover e facilita-la participación social no ámbito familiar, potenciando o asociacionismo como mecanismo de participación comunitaria e coordinando as actuacións das distintas administracións e entidades públicas.

Programa 241 A: Fomento do emprego; ten como finalidade contribuir á redución da taxa de

desemprego en Galicia, en especial no que afecta a xoves, mulleres e outros colectivos desfavorecidos.

Programa 241 B: Fomento do emprego. FSE; ten como finalidade contribuir á redución da taxa de desemprego na Comunidade Autónoma, a través de medidas cofinanciadas polo Fondo Social Europeo, mediante o programa operativo rexional da Comunidade Autónoma de Galicia.

Programa 323 A: Servicios e axudas complementarias da ensinanza; con cargo a este programa desenvólvense as accións encamiñadas á compensación das desigualdades na educación.

Os **cadros 5.14.** e **5.15.** mostran a distribución dos créditos orzamentarios para o ano 2001 por programas, da Consellería de Familia e Promoción do Emprego, Muller e Xuventude e da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria respectivamente, no referente, en ámbolos dous casos, ós programas de actuación no ámbito da familia e da muller.

Observamos, en primeiro lugar como, dos catro programas analizados na Consellería de Familia e Promoción de Emprego, Muller e Xuventude, o que presenta un maior volume orza-

5.16.

Programas e servicios da Consellería de Familia referentes á muller e familia 2003: distribución dos créditos

Programas		Servicios					Total
		01	02	03	04	50	
(miles de euros)							
212 A	Pensións e prestacións asistenciais		16.232,2			7.861,5	24.093,70
212 D	Pensións e prestacións en servicios sociais		5.570,8				5.570,80
241 A	Fomento do emprego	13.944,1		53.569,3	87.580,5		155.093,90
241 B	Fomento do emprego. FSE			9.281,2	26.716,6		35.997,80

Fonte: Xunta de Galicia, Presupostos xerais da C.A. 2003

5.17.

Programas e servicios da Consellería de Educación referentes á muller e familia 2003: distribución dos créditos

Programas		Servicios			Total
		01	02	03	
(miles de euros)					
323 A	Servicios e axudas complementarias da ensinanza	99.988,6	9.236,5	6.891,0	116.116,1

Fonte: Xunta de Galicia, Presupostos xerais da C.A. 2003

mentario é o de Fomento do emprego con 143,6 millóns de euros, seguido do de Fomento do emprego. FSE con 35,5 millóns de euros.

No que respecta á Consellería de Educación e Ordenación Universitaria, destacamos o programa de servicios e axudas complementarias da ensinanza cun orzamento global de 105,9 millóns de euros.

Os **cadros 5.16.** e **5.17.** mostran a distribución dos créditos para os programas sinalados anteriormente para o exercicio 2003. No que respecta ós programas asociados á Consellería de Familia, Promoción do Emprego, Muller e Xuventude, observamos un incremento do crédito asociado nos catro programas analizados, destacando o incremento do 73,6% no orzamento do programa de pensións e prestacións asistenciais; permanecendo como programa cuantitativamente máis importante o de fomento do emprego cun orzamento para o ano 2003 de máis de 155 millóns de euros.

O programa de servicios e axudas complementarias da ensinanza da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria incrementou o seu orzamento respecto do orzamento 2001 nun 9,5%.

En relación ó gasto por programas, os **cadros 5.18.** e **5.19.** mostran a explicación do gasto de cada un dos programas antes analizados.

Centrándonos nas actuacións dirixidas ó ámbito da muller e da familia dentro da Consellería de Familia e Promoción do emprego, Muller e Xuventude, o programa cunha maior partida orzamentario é o 241 A, cun orzamento total para este tipo de actuacións de 119,2 millóns de euros, destacando dentro deste programa, polo seu orzamento, as seguintes actuacións: As transferencias correntes dirixidas a familias e institucións sen fins de lucro para formación de traballadores en paro. Plan FIP, con 27,8 millóns de euros de orzamento; as transferencias correntes dirixidas a familias e entidades sen fins de lucro para escolas obradoiro, casas de oficios e obradoiros de emprego cun orzamento de 25,9 millóns de euros, e as transferencias correntes dirixidas ás corporacións locais no ámbito dos programas de cooperación con entidades locais cun orzamento de 16,6 millóns de euros.

O segundo programa en importancia é o 241 B cun orzamento de 31,4 millóns de euros dos que o 87% pertence ás transferencias correntes dirixidas ás empresas privadas para as axudas á contratación e fomento do emprego.



5.18.

Gastos da Consellería de Familia dispostos na normativa referente á familia e á muller 2001: distribución segundo programa

Servicio	Programa	Cap-Artigo	Concepto	Explicación do gasto	Total Concepto (miles de euros)		
50	212 A	4-6	0	Subvencións para a promoción da muller. Corporacións locais	1.033,74		
			1	Cursos de formación de mulleres paradas. Corporacións locais	655,10		
		4-6	2	Cursos de formación de mulleres ocupadas. Corporacións locais	48,08		
			0	Promoción do autoemprego. Empresas privadas	1.660,75		
		4-7	1	Cursos de formación a mulleres ocupadas. Empresas privadas	90,15		
			0	Subvencións promoción da muller. Familias e institucións sen fins de lucro	781,32		
		4-8	1	Cursos de formación a mulleres paradas. Familias e institucións sen fins de lucro	901,52		
			2	Cursos de formación a mulleres ocupadas. Familias e institucións sen fins de lucro	192,32		
		4-8	3	Programa de integración social. Familias e institucións sen fins de lucro	450,76		
			0	Educadores familiares e exclusión social. Corporacións locais	1.024,73		
		02	212 A	4-6	1	Programa de atención á infancia (0-3 anos). Corporacións locais	1.423,34
					3	Axudas a familias para escolarización. Corporacións locais	136,31
				4-8	0	Axudas a partos múltiples. Familias e institucións sen fins de lucro	84,14
					1	Programas atención á infancia. Garderías infantís. Familias e institucións sen fins de lucro	1.410,88
4-8	2			Axudas para a integración do menor. Familias e institucións sen fins de lucro	1.974,94		
	Total Programa 212 A				11.868,08		
02	212 D	7-8	0	Centros socioculturais, infantís e xuvenís. Familias e institucións sen fins de lucro	360,61		
			Total Programa 212 D				360,61
03	241 A	4-4	0	Orientación profesional para o emprego. Empresa públicas e outros entes públicos	424,63		
			0	Orientación profesional para o emprego. Corporacións locais	699,39		
		4-7	0	Orientación profesional para o emprego. Empresa privadas	501,04		
			1	Formación de traballadores en paro. Plan FIP. Empresas privadas	9.010,93		
		4-8	0	Formación de traballadores en paro. Plan FIP. Familias e institucións sen fins de lucro	27.885,85		
			2	Orientación profesional para o emprego. Familias e institucións sen fins de lucro	5.427,57		
		4-1	9	Programas de cooperación con OO.AA da Comunidade Autónoma. A OO.AA administrativos da C.A	420,71		
			0	Cooperación con universidades, empresas públicas e outros. A empresas públicas e outros entes públicos	1.803,04		
04	241 A	4-6	0	Programas de cooperación con entidades locais. Corporacións locais	16.619,20		
			0	Axudas á economía social. Empresas privadas	751,27		
		4-7	1	Promoción autoemprego e integración laboral persoas con discapacidade. Empresas privadas	13.341,74		
			3	Medidas activas de emprego. Empresas privadas	13.844,52		
		4-8	0	Escolas obradoiro, casas de oficios e obradoiros de emprego. Familias e institucións sen fins de lucro	25.925,65		
			2	Programas de cooperación en materia de emprego. Familias e institucións sen fins de lucro	2.571,39		
		Total Programa 241 A				119.226,91	
		03	241 B	4-4	0	Subvencións a empresas públicas e outros entes públicos.	307,75
					0	Formación de traballadores en paro. Empresas privadas	264,51
				4-7	1	Funcionamento do Servizo Galego de Colocación. Empresas privadas	848,83
0	Formación de traballadores en paro.				429,30		
4-8	1			Funcionamento do Servizo Galego de Colocación. Familias e institucións sen fins de lucro	848,83		
	2			Orientación profesional para o emprego. Familias e institucións sen fins de lucro	1.323,65		
04	241 B	4-7	5	Axudas á contratación e fomento do emprego. Empresas privadas	27.463,37		
			Total Programa 241 B				31.486,23

Fonte: Xunta de Galicia, Presupostos xerais da C.A. 2001

5.19.

Gastos da Consellería de Educación dispostos na normativa referente á familia e á muller 2001: distribución segundo programa

Servicio	Programa	Cap-Artigo	Concepto	Explicación do gasto	Total Concepto (miles de euros)
02	323 A	4-8	0	Axudas libros de texto e material escolar. A familias e institucións sen fins de lucro	425,76
				Total Programa 323 A	

Fonte: Xunta de Galicia, Presupostos xerais da C.A. 2001

Finalmente destacar o programa 212 A cun orzamento de 11,8 millóns de euros, onde as actuacións máis representativas son as transferencias correntes a familias e entidades sen fins de lucro para axudas á integración do menor con 1,9 millóns de euros, as transferencias correntes dirixidas ás empresas privadas para a promoción do autoemprego con 1,6 millóns de euros de orzamento, e finalmente, as transferencias correntes dirixidas ás corporacións locais para programas de atención á infancia (0-3 anos) cun orzamento para o ano 2001 de 1,4 millóns de euros.

No que respecta á Consellería de Educación e Promoción Universitaria, a única actuación salientable dentro do ámbito de actuacións dirixidas á muller e á familia son as transferencias correntes dirixidas a familias e institucións sen fins de lucro para axudas de libros de texto e material escolar, que conta cun orzamento de 425 mil euros.

No **anexo IV**, ó expoñe-la normativa de referencia, determínanse as ordes de execución das partidas orzamentarias analizadas.

5.20.

Programa EMEGA 1996-2002: orzamentos, proxectos e subvencións

	1996	2002	96/02
	(euros)		
Orzamento total	739.244,89	1.600.645,49	116,52
Proxectos			
Comercio maiorista	4	2	-50,00
Comercio minorista	32	40	25,00
C. M. Alimentación	9	12	33,33
C.M Textil	10	13	30,00
Confección	4	5	25,00
Dpchos Profesionais	1	4	300,00
Ensino	11	7	-36,36
Librería/Quiosco	6	5	-16,67
Outros	14	23	64,29
Perruquería	7	23	228,57
Serv. Empresariais	8	2	-75,00
Serv. Hosteleiros	15	47	213,33
Serv. Médicos/asist.	16	18	12,50
Nº Subvencións	137	201	46,72

Fonte: Servicio Galego de Igualdade

• **Outros programas de actuación**

7.- Programa EMEGA.

O programa EMEGA facilita o acceso das mulleres ó emprego e á creación de empresas, para estimular a cultura emprendedora da muller mediante o seu establecemento como empresaria e crear postos de traballo para mulleres. É un programa de fomento do emprego por e para mulleres.

As beneficiarias son as mulleres desempregadas que se unan ou asocien para realizar unha actividade empresarial que supoña a creación de postos de traballo para, polo menos, dúas traballadoras.

A axuda é unha subvención a fondo perdido destinada a financiar os gastos de inicio da actividade e de financiamento da empresa, sen que se poida supera-lo 50% do presuposto total do proxecto.

O **cadro 5.20.** mostra a evolución no período 1996-2002 do orzamento, proxectos e número de subvencións do programa EMEGA. No citado período o orzamento do programa EMEGA incrementouse nun 116,5% o que supón un orzamento no ano 2002 de 1.600.645 euros. Os proxectos cun maior número de subvencións son os de Servicios de Hostalería (47 fronte ás 15 existentes no ano

1996) e Comercio polo miúdo (40 subvencións fronte a 32 no ao 1996), estes dous proxectos acaparan o 43% das subvencións totais, que ascenderon a 201 no ano 2002, un 46,7% máis que as existentes no ano 1996.

8.- Plan de acción 2002-2005 contra a violencia de xénero.

O Plan de Acción 2002-2005 contra a violencia de xénero en Galicia inclúe dentro das medidas de apoio unha serie de programas de atención a mulleres soas con cargas familiares que van na liña de conseguir unha compatibilización entre a vida laboral e persoal das mulleres.

Dentro destes programas pódense destacar os seguintes:

1) Medidas preventivas nos campos da educación, formación de profesionais e medios de comunicación.

2) Medidas de apoio: destacando as seguintes:

a) RIAM (Rede de Información e Asesoramento ás Mulleres): Consistente en accións dirixidas a proporcionarlle ás mulleres galegas o coñecemento real dos dereitos que as asisten, incidindo especialmente nas mulleres do mundo rural. Da RIAM parten os seguintes servi-



5.21.

Plan de actuación contra a violencia de xénero en Galicia 2002-2005: distribución dos orzamentos segundo axente

Axente	2002	2003	2004	2005
	euros			
Consellería de Política Territorial, Obras Públicas e Vivenda	480.809,68	490.425,88	500.234,40	510.239,09
Consellería de Educación e Ordenación Universitaria	55.293,12	56.398,98	57.526,96	58.677,50
Consellería de Sanidade e Servicios Sociais	27.646,56	28.199,49	28.763,48	29.338,75
Consellería de Xustiza, Interior e Relacións Laborais	970.033,54	981.452,77	995.612,62	1.013.120,82
Consellería de Familia e Promoción do Emprego, Muller e Xuventude	960.249,31	991.649,07	1.024.164,62	1.057.837,78
Servicio Galego de Igualdade	2.483.538,29	2.507.461,70	2.560.616,00	2.634.606,66
Totais anuais propostos	4.977.570,50	5.055.587,89	5.166.918,08	5.303.820,60

Fonte: Servicio Galego de Igualdade, A violencia de xénero en Galicia: Plan de acción 2002-2005

cios: Centro de Información e asesoramento á Muller (CIAM), Teléfono da muller, Centros de Información á Muller de carácter comarcal (CIM), Centros de acollida, Centros de día, Rede de mediadoras, Gabinetes de orientación familiar e Programas de asistencia xurídica e psicolóxica gratuíta.

b) Programa de atención a mulleres soas con cargas familiares non compartidas: o obxectivo fundamental deste programa é facilitarlle-lo acceso ó mercado laboral a mulleres soas con fillos pequenos que, dada a atención que requiren, lles impiden ausentarse do domicilio. Trátase, polo tanto, de ofrecer un servizo a domicilio ou ben un centro disposto para este efecto, onde os nenos e nenas son atendidos por persoal especializado mentres as súas nais:

- asistan a cursos de formación.
- Teñan que atender a familiares nun centro hospitalario.
- Teñan que asistir ó traballo e atender a menores na casa.
- Teñan que resolver un problema nas dependencias de calquera institución.

Este é un servizo gratuíto que poden solicitar aquelas mulleres que teñen ó seu cargo nenos e nenas e os seus ingresos familiares non superan as 120.000 pesetas mensuais.

c) Programa de estancias de tempo libre para mulleres con fillas e fillos exclusivamente ó seu cargo: Os obxectivos propostos polo Servicio Galego de Igualdade para o desenvolvemento deste programa son:

- Facilitarlles ás mulleres e ás súas fillas e fillos un tempo e un espazo desligados da súa situación habitual.

- Intercambiar experiencias a través da convivencia nun entorno de ocio.
- Coñecer lugares de especial interese cultural doutra comunidade autónoma.
- Incrementa-lo coñecemento sobre a situación das mulleres doutras comunidades autónomas a través da convivencia.
- Consolida-la información sobre os recursos para as mulleres existentes en Galicia cara á inserción socio-profesional.

d) Servicio de teleasistencia: Este servizo supón unha conexión directa coa policía por medio da telefonía móbil.

e) Programa de atención xurídica á muller: O seu obxectivo é establecer unha rede de servizos de asistencia xurídica gratuíta especializada para as mulleres vítimas de violencia doméstica

f) Rehabilitación de agresores: Servicio de atención psicolóxica especializada coa finalidade de ofrecer recursos informativos e terapéuticos que abran as vías de recuperación as "persoas maltratadoras".

En relación ó orzamento dedicado ó Plan de actuación contra a violencia de xénero, o **cadro 5.21** mostra a distribución do orzamento proposto nos catro anos do plan en función do axente. Neste senso observamos como os orzamentos anuais están en torno ós cinco millóns de euros sendo a maior achega a do Servicio Galego de Igualdade o que lle corresponde unha contribución anual de aproximadamente o 50% do orzamento total do Plan.

9.- Programa operativo integrado de Galicia 2000-2006.

Dentro das medidas de execución do eixo prioritario 45: "Participación das mulleres no mer-

5.22.

Medidas de execución do eixo prioritario 45: "Participación das mulleres no mercado de traballo"

MEDIDA	OBXECTIVO	BENEFICIARIOS	ÓRGANOS EXECUTORES	FINANCIAMENTO REXIONAL	FINANCIAMENTO FSE	FINANCIAMENTO TOTAL
Mellora-la empregabilidade das mulleres	Facilita-lo acceso en igualdade de condicións da muller ó emprego	Desempregadas, Colectivo de mulleres do sector pesqueiro de Galicia	D.X. De Formación Pesqueira e SEGAI	3.346.037	13.384.150	16.730.187
Fomenta-la actividade empresarial das mulleres	Promove-la capacidade empresarial das mulleres	Empresarias, Emprendedoras e Asociacións de empresarias	SEGAI	2.363.600	9.454.397	11.817.997
Combati-la segregación horizontal e vertical así como a discriminación salarial e favorece-la conciliación da vida familiar e laboral	Facilita-lo desempeño dos postos de traballo en igualdade de condicións para as mulleres, evitando as prácticas discriminatorias, particularmente por razóns familiares.	Traballadoras, Empresas e Actores do mercado de traballo.	D.X. De Formación Pesqueira e SEGAI	880.088	3.520.348	4.400.436

Fonte: Programa operativo integrado de Galicia 2000-2006, complemento do Programa

cado de traballo” destacan as medidas expostas no **cadro 5.22.:** mellora-la empregabilidade das mulleres, fomenta-la actividade empresarial das mulleres, e combate-la segregación horizontal e vertical así como a discriminación salarial e favorece-la conciliación da vida familiar e laboral. O financiamento total para o conxunto das tres medidas é de 32,94 millóns de euros, onde o 50,7% vai destinado á primeira das medidas citadas, isto é, á mellora-la empregabilidade das mulleres.

No que respecta á distribución do financiamento, o 20% do financiamento total das medidas correspóndelle á Administración rexional, mentres que o 80% restante está financiado con cargo ó Fondo Social Europeo.

Medidas sociosanitarias

No que respecta ó ámbito sanitario, o **Plan integral de atención sanitaria e social á muller** é unha das actuacións encamiñadas a acadar uns niveis de saúde que tomen en conta as peculiaridades de ámbolos dous sexos, o que vén significar unha atención específica para as mulleres, plasándose os obxectivos relativos á atención das mulleres no ámbito preventivo, asistencial e de servizos sociais.

Os obxectivos e estratexias recollidas no dito Plan integral de atención sanitaria á muller están dirixidos cara ós seguintes ámbitos:

- Sida
- Tabaco
- Trastornos da conducta alimentaria
- Interrupcións voluntarias do embarazo
- Anticoncepción
- Embarazo, parto e lactación
- Menopausa
- Cancro de cérvix
- Cancro de mama
- Violencia contra as mulleres
- Inserción social
- Mulleres coidadoras de persoas dependentes
- Formación dos profesionais de servizos sociais na área da muller
- Atención da muller anciá
- Estudio de necesidades das mulleres dependentes.

• **Sida:** Para evita-la transmisión materno-fetal a estratexia que se debe seguir baséase nos seguintes principios:

- Informar a toda muller en idade fértil sobre as prácticas de risco de infección polo VIH e das medidas para a súa prevención.
- Detección e captación das mulleres con prácticas de risco e intención de procrear. Ofertaráselle-las probas analíticas, informándoas das súas características, solicitando o seu consentimento e prestándolles consello pre ou postes.
- Planificación familiar adecuada que evite ó embarazo nas mulleres afectadas, respectando



sempre a vontade da afectada.

- Oferta da proba de detección de VIH a toda muller embarazada, con consentimento informado e consello.

- Seguimento e asistencia continuada da muller VIH (+) e dos seus fillos.

- Oferta de tratamento antirretroviral segundo os protocolos internacionais.

- **Tabaquismo:** As estratexias a seguir segundo o Plan Integral de atención sanitaria á muller son as seguintes:

- Potencia-la formación dos profesionais sanitarios para que incorporen o consello médico como unha práctica máis do seu traballo habitual e poidan abordar adecuadamente o tratamento do tabaquismo nas consultas de atención primaria.

- Proporcionar consello profesional sistemático a tódalas mulleres fumadoras que acudan a unha consulta de atención primaria, preparación ó parto ou específica do embarazo.

- Reforzo do consello tralo parto ou durante a lactación. Incluir información sobre os resgos do tabaquismo pasivo.

- Editar folletos sobre tabaco e saúde dirixidos á muller destacando os prexuízos do consumo de tabaco e a exposición ó fume ambiental sobre o feto durante o embarazo e sobre os nenos en etapas temperás da súa vida.

- Potencia-la realización de programas de educación para a saúde no medio escolar que fomenten un estilo de vida saudable e axuden a promover unha vida sen tabaco, con actividades específicas segundo o sexo.

- Limita-lo acceso do tabaco a menores de 18 anos.

- Fomenta-lo respecto a un aire libre de tabaco nos lugares de traballo e convivencia con mulleres embarazadas.

- Promover acordos de autorregulación con empresas publicitarias, mentres non se adopte a prohibición total da promoción e publicidade do tabaco na UE, para minimiza-lo efecto nocivo das campañas que recorren a adxectivos como “light”, baixo en nicotina, etc.

- Facer cumprir-la normativa vixente en canto a publicidade e venda de tabaco.

- Fomenta-la colaboración multisectorial e multiprofesional para apoia-las distintas actividades de control deste problema.

- **Trastornos da conducta alimentaria:** O Plan integral de atención sanitaria e social á muller pretende acadar los seguintes obxectivos neste eido:

- Mellora-lo sistema de detección precoz en atención primaria.

- Mellora-la coordinación das actuacións entre os diferentes recursos, tanto normalizados como específicos, de atención especializada.

- Avalia-la repercusión preventiva e asistencial das actividades realizadas.

- Mellora-lo sistema de rexistro de casos, e posteriormente elaborar un libro branco sobre os trastornos da alimentación en Galicia.

- **Interrupción voluntaria do embarazo (IVE):** As estratexias do Plan a este respecto son as seguintes:

- Seguir propiciando a dispoñibilidade de profesionais en centros da propia rede sanitaria ou concertados en tódalas provincias para mellora-la equidade no acceso a estes servizos por parte das mulleres que necesitan unha IVE.

- Revisa-las vías de derivación e os tempos de espera, para tratar de minimiza-la demora ata a realización da IVE.

- Mellora-la accesibilidade e a información sobre métodos anticonceptivos para evita-los embarazos non desexados.

- Incrementa-la educación sexual na escola. Elabora-lo material educativo necesario.

- Facilita-lo acceso a “pílula do día seguinte” desde os centros de atención primaria, centros de orientación familiar e os servizos de urxencias.

- Facilitar teléfonos de información sobre a posibilidade de ceder-lo neonato en adopción.

- **Anticoncepción:** As estratexias ou recomendacións neste campo son as seguintes:

- Poñer en marcha un plan para a inclusión e oferta efectiva de servizos de anticoncepción desde a atención primaria e co apoio dos centros de orientación familiar que actuarían como segundo nivel de referencia e como fonte de formación.

- Poñer en marcha protocolos de derivación de usuarias sometidas a abortos voluntarios ou que tivesen embarazos precoces para a súa inclusión en programas de anticoncepción.

- Tódolos médicos xerais e enfermeiros que o requiran serán formados para ofertar servizos de anticoncepción.

- Amplia-la oferta de médicos dispoñibles.

- Cómpre manter dispositivos de apoio para casos complexos e para determinados grupos de usuarias que polas súas características adoitan ser difíciles de abordar desde o dispositivo ordinario da atención sanitaria.

• **Embarazo, parto e lactación:** O obxectivo xeral do Plan integral de atención sanitaria e social á muller neste eido é a elaboración e posta en marcha dun plan de cuidados integrais para a atención á muller durante o embarazo, parto e puerperio.

• **Menopausa:** As estratexias e recomendacións son:

- Proporcionar información ás mulleres galegas acerca dos cambios e os riscos para a saúde que poden presentarse durante a menopausa.

- Actuacións encamiñadas á promoción de hábitos e estilos de vida saudables e á prevención de problemas nesta etapa.

- Atención á sintomatoloxía que poida presentarse neste período.

- Desenvolver protocolos e guías prácticas baseadas na evidencia que dean resposta precisa ás intervencións sobre os problemas potenciais de mortalidade asociados á menopausa.

- Introduci-lo servizo de atención á muller na menopausa na carteira de servizos de atención primaria.

• **Cancro de cérvix:** O cancro de colo uterino é un dos principais problemas de saúde, ocupando o segundo lugar despois do cancro de mama. O Plan ten como obxectivos:

- Incluí-lo cribado dentro da carteira de servizos de atención primaria.

- Defini-lo rango de idade e periodicidade da proba.

- Definir unha estratexia de busca de casos.

- Elaborar un protocolo de garantía de calidade de todo o proceso.

• **Cancro de mama:** Os obxectivos do Plan integral de atención sanitaria e social á muller son:

- Facilita-lo acceso á realización dunha

mamografía cada dous anos a tódalas mulleres entre 50 e 64 anos. Mellora-la infraestrutura informática de acceso á información dos distintos profesionais implicados no programa.

- Mellora-la coordinación e implicación dos profesionais de atención primaria na divulgación e seguimento da marcha do programa na súa zona.

- Realización de enquisas periódicas de satisfacción ás usuarias das unidades de exploración e ás mulleres derivados ó hospital para avalia-la calidade percibida.

• **Violencia contra as mulleres:** Os obxectivos e estratexias a levar cabo neste ámbito son os seguintes:

- Elaborar un protocolo homoxeneizado que facilite o labor de recollida de datos nos ámbitos sociais, sanitarios, xudiciais e policiais sobre violencia doméstica.

- Coordina-los servizos sanitarios, sociais, policiais e xudiciais co fin de facilitarlles ás mulleres un tratamento integral.

- Promover dende os sistemas educativos o respecto propio, o respecto mutuo e a cooperación entre homes e mulleres.

- Elaborar guías informativas sobre os recursos asistenciais de que dispoñen as mulleres e as familias que son vítimas da violencia.

- Adestra-los médicos para identifica-los casos de violencia doméstica e traballar cos servizos comunitarios implicados.

- Garanti-la privacidade no momento de atender-la vítima e mante-la confidencialidade dos datos contidos na historia clínica ou protocolo de rexistro.

No ámbito social e de inserción, destacamos os **programas de desenvolvemento integral comunitario.**

1º.- Proxectos de integración social de mulleres en situación de exclusión:

a) Proxecto ACHEGO: Plan global de actuación dirixido a facilita-los procesos de adaptación ou readaptación social, económica ou profesional dos emigrantes retornados, dos inmigrantes e das persoas ameazadas de procesos de exclusión.

Os obxectivos que se quere conseguir son:



- Configurar equipos multidisciplinares, en contacto directo cos servizos sociais de base, en canto que responsables da execución e desenvolvemento das accións e medidas establecidas no proxecto para favorece-la readaptación social e profesional do conxunto da unidade familiar que regresa.

- Afronta-lo proceso de retorno dende a súa concepción global, no que se ven implicados os membros da familia do traballador que regresa.

- Artellar canles de adaptación específicas que, a través de atencións individualizadas de información, asesoramento e formación, aseguren a integración social e a inserción económica ou profesional do colectivo de emigrantes retornados.

- Crear un clima favorable á readaptación dos emigrantes retornados por parte do tecido social das zonas receptoras.

b) Proxecto GUIEIRO: Plan de incorporación dos grupos sociais máis desfavorecidos ós dispositivos de integración social e inserción laboral.

O Proxecto persegue como obxectivo prioritario facilita-la integración dos colectivos en situacións de especial necesidade nos plans específicos de inserción sociolaboral, ós que non teñen acceso debido, fundamentalmente, a unha deficiente utilización da información existente. O proxecto márcase ademais os seguintes obxectivos:

- Localiza-las principais bolsas de marxina-ción e pobreza.

- Analiza-las carencias que presentan en relación ó acceso á información institucional.

- Proporcionarlles a información acerca das políticas sociais de axuda existentes.

- Facilita-lo seu acceso ás políticas de inserción ou reinserción sociais e laborais.

- Artellar un sistema de integración sociolaboral que lles permita incorporarse no mercado laboral, baseado na información-inserción, con atencións de asesoramento e apoio técnico.

- Analiza-las dificultades das instancias públicas e entidades privadas para transmitir ós colectivos máis desfavorecidos as informacións relativas ás políticas de inserción.

- Establecer canles operativas de cooperación.

- Artellar programas conxuntos de localiza-

ción e detección dos grupos desfavorecidos.

- Crear, consolidar e fortalecer un paternaria-do social, cunha especial implicación do sector empresarial local, de cara a establece-la estrutura de integración máis adecuada para os colectivos en situacións de especial necesidade.

2º.- Proxectos de integración de mulleres con minusvalidez.

a) Proxecto HERMES: Este proxecto está orientado ó desenvolvemento de colectivos locais e rexionais das persoas con discapacidade física, co fin de que poidan verse favorecidas dun proceso formativo-empresarial que posibilite as accións de creación de emprego no sector das comunicacións. Os obxectivos concretos son os seguintes:

- Impulsar novos sistemas de formación e emprego accesibles e adaptados a persoas con discapacidade física.

- Mellora-lo nivel de formación dos partici-pantes.

- Mellora-lo nivel de cualificación de tódolos axentes implicados no programa.

- Buscar e promover vías de inserción laboral do colectivo.

- Informar e sensibiliza-lo colectivo de disca-pacitados e a tódolos axentes implicados no proceso de formación-inserción das posibilidades e vantaxes que ofrecen as novas tecnoloxías e a rede internet.

c) Proxecto “AUTISMO GALICIA”:
Proxecto de formación para o emprego de persoas autistas, psicóticas e con outra minusvalidez psíquica e/ou física. O obxectivo fundamental deste programa e o de levar a cabo iniciativas para a consecución da integración laboral deste colectivo.

d) Proxecto IAGO: Proxecto de integración sociolaboral das persoas con discapacidade psíquica. O obxectivo é, a través da formación e da colaboración con entidades públicas e privadas, conseguirla integración social e laboral deste colectivo.

e) Proxecto PIONERS: Proxecto de inserción laboral das persoas xordas. Con este proxecto preténdese capacita-las persoas xordas para realizar unha formación profesional específica, así como

fomentar unha participación activa a nivel persoal, laboral e social.

3º.- Proxectos dirixidos ás mulleres cuidadoras de maiores dependentes.

a) Programa de apoio social destinado a familias con pacientes de alzheimer: Preténdese manter este tipo de pacientes no entorno familiar a través de programas de información, formación e axuda.

b) Programa de atención a maiores dependentes: Cheque asistencial: Preténdese desenvolver un sistema de actuacións específicas que posibiliten unhas condicións de vida dignas ós maiores afectados, constituíndo un apoio ás familias e potenciando o desenvolvemento deste sector de servicios na atención profesionalizada

As prestacións en relación co grao de dependencia e a situación sociofamiliar recollerán as seguintes modalidades:

- Cheque de apoio domiciliario: axudará a cubri-los gastos ocasionados por servicios de atención sanitaria e social profesionalizada que se presten no propio fogar.

- Cheque de residencia: axudará a cubri-lo custo de estadias nos centros adheridos ó programa.

- Cheque de centro de día; axudará a cubri-los gastos ocasionados por cuidados e atención básica en réxime diúrno.

- Cheque de estadias temporais e programas de respiro: axudará a cubrir estadias temporais e/ou programas de formación e descanso para os cuidadores habituais.

4º.- Formación dos profesionais de servicios sociais na área da muller: Cursos do plan concertado.

O Ministerio de Traballo e Asuntos Sociais, en colaboración coa Consellería de Sanidade e Servicios Sociais, organiza, a través do Plan concertado para as prestacións básicas de servicios sociais, unha serie de cursos dirixidos ós/ás profesionais de servicios sociais de atención primaria.

5º.- Programa de atención á muller anciá:

trata de potencia-los programas de axuda a domicilio e acollemento familiar:

a) Programa de Acollemento Familiar de persoas maiores: é un programa que permite que persoas maiores de 65 anos que viven soas e sen familiares poidan permanecer no seu medio.

b) Programa de Axuda a Domicilio: é un programa que ten por obxecto prestar un conxunto de atencións ós cidadáns no seu fogar naquelas situacións nas que teñan limitada a súa autonomía persoal ou nos casos de desintegración familiar.

c) Grupos de Apoio na Vellez, Voluntariado Social: Pretende fomentar entre as persoas maiores a formación básica de voluntarios sociais, de tal forma que no tempo libre do que dispoñen poidan realizar unha labor altruísta e solidaria a favor da comunidade.

6º.- Programa de estudio das necesidades das mulleres dependentes

a) Proxecto de información sociosanitaria. Conxunto Mínimo Básico de Datos (CMBD): o obxectivo principal do programa é establecer unha continuidade entre as actividades sanitarias e os cuidados xerais que proporcionen os servicios sociais.

b) Plan de acción para a implantación do CMBD.

7º.- Proxectos europeos relacionados coa violencia de xénero.

a) METIS (Iniciativa comunitaria Daphne): o obxectivo do proxecto Metis é dotas ás mulleres discapacitadas de ferramentas concretas de actuación para denunciar situacións de agresión física e psíquica, incluíndo a desatención emocional e de necesidades básicas.

b) LÍBERA: este proxecto consistiu nunha campaña publicitaria sobre a violencia de xénero.

c) POMBA (Iniciativa comunitaria Daphne): o obxectivo deste proxecto e previr a violencia de xénero e palia-las súas consecuencias a través de programas de formación de pais e nais, de mulle-



res residentes en casas de acollida e de mulleres que exercen a prostitución. [n](#)